WIKIPEDIA

Lingua altai

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **altai** (**Алтай тили** Altay tili) é unha lingua[1] da ponla siberiana do sur do grupo nordeste[2] da familia turca que se fala na República de Altai (Rusia), onde é lingua oficial xunto co ruso, alí os altais constitúen o 31% da poboación. Tamén se fala no krai de Altai. O altai divídese en dous dialectos, o do norte e o do sur, que son inintelixibles entre si e que algúns estudosos consideran linguas diferentes.
No censo ruso de 2002 declararon falar altai 65 534 persoas.[3]Ata 1948 a lingua coñecíase como **Oriot**.[4]

Altai *Altay tili*	
Outros nomes:	Алтай тили
Falado en:	Rusia
Rexións:	República de Altai (Altai meridional), Krai de Altai (Altai setentrional)
Total de falantes:	57.000 (2010)
Familia:	Linguas turcas Linguas turcas siberianas Oghuz oriental **Altai**
Escrita:	Cirílico
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	República de Altai
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`--`
ISO 639-2:	`alt`
ISO 639-3:	ambos: `atv (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=atv)` — Altai setentrional `alt (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=alt)` — Altai meridional

Índice

Dialectos

- Altai do norte[5]:
  - Quu ou chalkan, fálao o pobo chalkan que vive nas ribeiras do río Lebed, nas aldeas de Kurmach-Baigol, Suranash, Turachak, Bika, Itkuch e Kebezen[6], segundo o censo de 2002 son un total de 855 persoas, con 539 falantes.
  - Qumanda, fálao o pobo qumandi que vive na ribeira do río Biya, nos distritos de Soltonski e Krasnogorski do krai de Altai, no distrito de Turochanski da República de Altai e no oblast de Kemerovo[7], segundo o censo ruso de 2002 son 3114 pero só 1044 falan a lingua propia.
  - Tuba, fálano os tubalar nas ribeiras dos ríos Katun e Biya e nos seus afluentes, nos distritos de Choiski e Turochakski da República de Altai, segundo o censo de 2002 constitúen un grupo de 1565 persoas con 436 falantes.
- Altai do sur, 20.000 falantes en 1993, divídese nos seguintes subdialectos:
  - Altai, fálase nos distritos de Maiminski, Shebalinski, Ulaganski e Ust-Kanski

- Telengit, fálase nos distritos de Kosh-Agachski e Ulaganski
- Teleut, fálase nos distritos de Shebalinski e Maiminsky e no krai de Altai

Escrita e usos sociais

O altai comezou a escribirse a partir da década de 1840[8], cando misioneiros ortodoxos rusos crearon un estándar con base no teleut e adaptaron o alfabeto cirílico. Nesta escrita realizáronse obras de divulgación relixiosa e as primeiras obras literarias altai e tamén a primeira gramática do altai publicada en 1869 pola Misión ortodoxa de Altai [9]. Vasily Radlov, o fundador da turcoloxía, viviu entre os altais entre 1859 e 1871 e recolleu un abondoso material lingüístico e etnográfico.
As autoridades soviéticas crearon unha nova lingua literaria en 1922 baseada no dialecto altai[10] e reformaron o alfabeto cirílico altai con caracteres procedentes do ruso, pero a diferenza doutras linguas en Siberia foron lingüistas altai e non académicos soviéticos os que fixaron a lingua literaria[11]. En 1928 editouse a primeira gramática descritiva. Entre 1931 e 1938 o altai escribiuse nunha variedade do alfabeto latino. En 1938 volveuse ao alfabeto cirílico, nunha versión lixeiramente reformada en relación ao anterior.
En 1941 publicouse o primeiro dicionario ortográfico do altai. A partir de 1990 houbo unha revitalización da lingua altai. En 1993 promulgouse a Lei de linguas da República de Altai, que declara ao altai e o ruso linguas nacionais da república. Hai programas de televisión e radio en altai: 10 horas semanais na radio e 7 na televisión. O goberno de Altai mantén dúas publicacións bilingües nacionais *Altaidin Cholmon* e *Zvezda Altaia* e 8 rexionais, tamén bilingües e hai dúas revistas infantís: *Soloni* e *El-Altai*. Nas comunidades altai o ensino é en altai, agás as materias que están consideradas de importancia federal que son en ruso, no curso 1992-1993 eran 66 escolas nas que o altai era a lingua primaria de instrución e 77 onde se ensinaba como materia [10], no curso 1999-2000 mantíñase o número de escolas en lingua altai, aumentando ata 108 as escolas con altai como materia pero o número de escolares pasou de 4795 a 3346 [12] Na Universidade de Gorno-Altai pódese estudar a lingua e existe unha Comisión de Terminoloxía apoiada polo goberno da República de Altai.

Notas

1. O Ethnologue considera que o altai son dúas linguas
2. Lars Johanson e Éva Ágnes Csató, *The Turkish Languages*. Routledge, 1978, pp. 81-125
3. Coñecemento de linguas diferentes ao ruso (en ruso) (http://www.perepis2002.ru/ct/doc/TOM_04_04.xls).
4. Lars Johanson e Éva Ágnes Csató, *ob. cit.*, páxina 403.
5. A maioría dos falantes de altai do norte aparecen nos censos como altai e non como membros dos seus respectivos pobos segundo o Atlas de linguas en perigo da UNESCO
6. Maja Čeremisina *Yaziki Korennikh Narodov Sibiri:Chalkanski sbornik*, Instituto de Filoloxía da Academia Rusa de Ciencias, 2005, páxina 44
7. Endageraded Languages of Indigenous Peoples of Siberia (http://lingsib.iea.ras.ru/en/languages/kumandy.shtml) e Christopher Moseley *Encyclopedia of the World's Endangered Languages*. Routledge, 2007, páxina 262
8. Lenore A. Grenoble *Language Policy in the Soviet Union*. Springer, 2003, páxina 184
9. Lauri Harvilahti e Z. S. Kazagacheva*The Holy Mountain: Studies on Upper Altay Oral Poetry*. Suomalainen Tiedeakatemia, 2003, páxina 19
10. Lenore A. Grenoble, *ob. cit.* páxina 185
11. Bokarev e Desheriev (eds.) *Mladopismennye iazyki narodov SSSR*, 1959, páxina 146
12. Kutlay Yagmur e Sjaak Kroon *Objective and Subjective Data on Altai and Kazakh Ethnolinguistic Vitality in the Russian Federation Republic of Altai Journal of Multilingual and Multicultural Development*, Volume 27, Número 3, maio de 2006 , páxinas 241 - 258

Véxase tamén

Ligazóns externas

- Altai do norte no Ethnologue (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=ATV)
- Altai do sur no Ethnologue (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=ALT)



Vexa a proba da Wikipedia en ***Altai meridional (https://incubator.wikimedia.org/wiki/Wp/alt)***



Vexa a proba da Wikipedia en ***Altai setentrional (https://incubator.wikimedia.org/wiki/Wp/atv)***